

PROGRAMAS

1.- MEU, COÑECÉDONOS-DESCUBRÍDONOS a través da Toponimia e do Patrimonio

Dirixidas á poboación escolar:

- Infantil
 - Os *Bolechas* queren saber, que é a toponimia
 - Quebracabezas e historia de Vigo
- Primaria e Secundaria
 - Expedición Vicus*: campamento de verán
 - Quebracabezas por parroquias
 - Unidades didácticas: fichas por parroquias e “O territorio nomeado”
 - Viaxe ás covas do Folón*: videoxogo

Para todas e todos:

- 40 microprogramas sobre toponimia viguesa
- Toponimia do Val do Fragoso
 - Coia
 - Lavadores
- Xornadas sobre toponimia: *Como se chama ese lugar?*
- Visitas guiadas aos principais lugares de interese patrimonial

Meu, coñecédonos, descubrídonos é un programa ambicioso en accións e intencións que tenta achegarnos a Vigo a través do seu patrimonio e toponimia. Aprender a historia da lingua e ampliar o coñecemento do galego a través da toponimia, e asemade, sensibilizar, valorar, recuperar e transmitir o noso patrimonio e lingua.

Neste programa contamos coa colaboración da Universidade de Vigo, con distintas asociacións culturais, veciñais, do medio, centros de ensino... amais de desenvolverse entre distintos departamentos do Concello vigués.

Como obxectivos este programa persegue coñecer Vigo e a súa contorna a través do seu patrimonio e toponimia. Aprender historia da lingua, ampliar o coñecemento da lingua a través da toponimia. Coñecer o noso patrimonio e a contorna onde xorde, medra e se desenvolve a cidade de Vigo.

Sensibilizar, valorar, recuperar, transmitir o noso patrimonio e a nosa lingua.

Programa desenvolvido dende Tenencia de Alcaldía, Patrimonio Histórico, Normalización Lingüística, Xuventude, Cultura, Verbum e Cartografía, coa colaboración da Universidade de Vigo e das comunidades de montes veciñais e equipos de Normalización Lingüística dos centros de ensino.

ACCIÓNS:

- Os Bolechas queren saber... sobre toponimia e quebracabezas da historia de Vigo

Descubriendo o porqué dos nomes, descubrimos un pouco máis da historia de Vigo e coñecemos a nosa lingua, a súa evolución, como se denominan esas mesmas cousas

noutros idiomas romances... Coñecéndonos, descubríndonos... descubrindo para coñecernos esa é a principal mensaxe que lanzamos nesta actuación, que desta volta, como dicíamos ten á poboación infantil como receptora.

E quen mellor que *Os Bolechas* para lles ilustraren aos cativos e cativas todo este saber. Moitas e moitos nenos están familiarizados con esta familia que lles vai descubrindo un monte de porqués, desta volta será descubrir porqué Vigo se chama Vigo, porqué o río meirande de Vigo se chama Lagares, e que significado ten... espazo ben definido. Territorio e ría ofrécennos montes de nomes de lugar a través dos cales podemos ir descubrindo e coñecendo sobre quen fomos e somos e como se foi configurando a nosa cidade.

Unha tirada de 3000 libros e 1000 quebracabezas é soporte desta actividade dirixidas aos máis cativos ao par dunha visita a unha exposición sobre a historia da lingua.



- Expedición Vicus

Achegámoslles aos mozos e mozas Vigo, o seu patrimonio, dun xeito lúdico e compartido, a través dun campamento de verán (quinze días de 8 a 15 horas).


Visitas a espazos como o Castro, Mirambel, rúa dos Cesteiros, a zona das ostras, a biblioteca Central, Bouzas coas súas embarcacións tradicionais...

Xogos de sempre e actividades como break; obradoiros e deportes náuticos son parte desta oferta lúdica-educativa onde o protagonista é Vigo, coa súa historia, tradicións, patrimonio, persoeiros e lingua.

Dúas quendas no mes de xullo que se completaron nas corenta prazas ofertadas. Este campamento estaba dentro da oferta de verán da Concellaría de Xuventude.

- Quebracabezas por parroquias

É un dos elementos que complementan o programa. A meirande parte dos vigueses e viguesas descoñecen os nomes e a situación de moitas das nosas parroquias. Este é un xeito divertido de aprender a distribución xeográfica da nosa cidade.



- Unidades didácticas: O territorio nomeado

Con este recurso pretendemos que as e os rapaces coñezan o patrimonio toponímico da súa cidade, pero tamén que aprendan a valorar a toponimia como unha riqueza cultural, e que a través dela sexan capaces de interpretar a realidade xeográfica en que se moven todos os días.

Así, pretendemos desenvolver a comprensión sobre o medio natural de Vigo, unha visión sistemática sobre a diversidade de condicións que estruturan a superficie terrestre. Asemade, espertar unha conduta de respecto e valorización dos recursos naturais e da toponimia.

Así mesmo, vemos como podemos utilizar a xeografía como disciplina de achega á toponimia e como familiarizarse co uso dos recursos informáticos aplicados á xeografía que existen na rede.

O territorio nomeado é unha unidade didáctica que achega diferentes recursos: propostas de actividades, relación de topónimos de Vigo, toponimia do litoral, fotografías aéreas... Está dirixida a ESO e BAC e artéllase en catro temas:

- Vigo, espazo xeográficos
- De onte a hoxe
- A conservación da toponimia
- *O galego de Vigo*

Para Primaria ofertamos un percorrido por todas as parroquias viguesas. Percorrido que vai achegándonos os elementos sobranceiros do seu patrimonio que nos serve de pretexto para traballarmos, tamén, a lingua.

O formato no que presentamos este material é en CD. Fixemos un total de 300 e achegouse a cada centro de ensino de Vigo un CD.

Un xeógrafo e unha licenciada en Filoloxía galega foron quen de darlle forma a este recurso que foi moi ben acollido polo profesorado.

Para os primeiros cursos de Primaria realizouse o quebracabezas de Vigo, cos topónimos das parroquias e principais vestixios patrimoniais, que serve de complemento para traballar.

- *Viaxe ás covas do Folón*

É un videoxogo, tipo aventura gráfica, dirixido aos últimos anos de Primaria e primeiros da ESO.

Viaxe ás covas do Folón é unha ferramenta para que as mozas e mozos descubran a súa cidade a través da súa historia, o patrimonio e a lingua dun xeito ben familiar para eles: os videoxogos.

Ten a súa propia páxina web www.viaxeascovas dofolon.com e é unha viaxe a través do tempo: resolvendo probas, preguntas irán avanzando por distintas etapas da historia viguesa en diferentes escenarios da cidade.

O xogo presentóuselle á comunidade educativa no mes de novembro pero até marzo non comezará, xa que primeiramente os propios nenos e nenas, mediante un concurso, terán que deseñar os protagonistas da historia.

Neste concurso participan, amais de Xuventude, Tenencia de Alcaldía e *Faro de Vigo* .

- Microprogramas en televisión: *As Terras do Fragoso*

O territorio de Vigo móstrásenos coma un gran teatro que mira ao solpor, onde a ría forma un e ampliar o coñecemento do galego a través da toponimia, e asemade, sensibilizar, valorar, recuperar e transmitir o noso patrimonio e lingua.

A toponimia é o termo con que designamos o conxunto de nomes de lugar ou, o que é o mesmo, de topónimos. E os nomes de lugar son unha parte fundamental do patrimonio cultural dunha comunidade. É un corpo patrimonial intanxible que se foi transmitindo de xeración en xeración ata os nosos días e que constitúe un elemento esencial da nosa identidade galega, tanto que podemos dicir que é o libro de historia da nosa historia. Eles infórmanos dos pobos que se asentaron no noso territorio, dos cultivos, da vexetación, das construcións, dos camiños, das lendas, dos posuidores, dos traballos da terra, dos cursos de auga, onde atopamos a toponimia máis antiga etc.

Achegar todo este coñecemento, asemade que descuberta, é o propósito que perseguimos a través de 40 microprogramas, e a través da colección sobre a toponimia do Val do Fragoso (nome do lugar onde vai desenvolverse Vigo) nos que nos achegamos aos nosos lugares cotiáns para saber o porque nos chegaron denominados dese xeito e porque temos que conservar este legado patrimonial

- Libros de toponimia: *As terras do Fragoso*

Achegarnos á microtoponimia das parroquias é o obxectivo desta colección da cal xa se editou o primeiro volume: Coia e está preparado o segundo: Lavadores. Xunto co libro editase un mapa da parroquia cos microtopónimos. Esta colección realízase coa Universidade.

- *Como se chama ese lugar?*

Froito da colaboración coa Universidade de Vigo, naceron, tamén as xornadas que se realizaron no mes de decembro e contou coa presenza do presidente da Real Academia Galega, no relatorio de inauguración e profesores como Gonzalo Navaza, Francisco Fernández Rei, así como expertos en toponimia con Xose Lois Vilar, Luz Méndez, Iván Sestay.

2.- EN GALEGO TAMÉN NOUTROS MUNDOS

Para dinamizadores e formadores:

- Curso de formación de formadores

Para poboación estranxeira (Achégate á lingua e cultura galega):

- Curso de galego I
- Curso de galego II

Para todas e todos:

- Xornadas “Compartimos unha cidade. Compartamos as nosas linguas”:
- Obradoiros de linguas do mundo:
 - árabe
 - wolof
 - chinés
- Mapa das linguas do mundo